



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

CARREIRA ADMINISTRATIVA

Nos pasados días estivemos nunha Mesa de Carreira Administrativa na que, ao non estar programado un orde do día cos asuntos a tratar, intentamos que se perfilasen certos aspectos pendentes do Acordo que están pendentes de tratar: concursos, mobilidade, promoción interna, problemática de certos colectivos (persoal de informática, reclasificacións ao Tramo 1 para os funcionarios de novo ingreso...etc.).

Dada a negativa por parte da Administración de tratar os asuntos que plantexábamos, pedimos, que por parte da AEAT, informe, con anterioridade a cada reunión, a orde do día do asunto que se vaia tratar, así como que se fixe un calendario de reunións para ir tratando cada un dos asuntos pendentes.

Por outro lado, e con maior profundidade, tratouse a situación dos funcionarios que á data da firma do acordo estaban nos postos de ingreso (no Tramo 0) e que, por tanto, xa tiñan que ser reclasificados ao Tramo 1 o pasado 14 de novembro. Pois ben, respecto a este asunto, a AEAT informounos da súa disposición a facer a reclasificación pertinente (con efectos económicos desde o 1 de decembro) pero, iso sí, introducir, a partir de agora, a avaliación do desempeño para levar a cabo as futuras reclasificacións. Obviamente, ante tal proposta, a maioría da parte social (excepto CCOO) rexeitamos esa posibilidade e pedimos que a reclasificación ao Tramo 1 debe facerse de xeito automático ao cumprir 1 ano de antigüidade. Por iso, ao término da reunión, entregamos unha proposta por escrito para que a AEAT se comprometa a estudar esa opción nas vindeiras datas.

A tal efecto, informámosvos que o vindeiro mércores, día 4 de marzo, teremos reunión para tratar de chegar a un acordo sobre este tema. Tamén, e tal e como pediu a CIG, a AEAT confirmounos que, ese mesmo día, elaborárase un calendario de reunións cos temas de carreira administrativa que están pendentes de tratarse.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM